

O CALENDARIO ROMANO

Dende antigo os pobos medían o tempo polos ciclos dos astros máis determinantes: o sol e a lúa. Estes ciclos ou anos podían ser de dous tipos:

- **ano solar:** o tempo que tarda a terra en dar unha volta ó sol (365 días, 5 h., 48 mm, 46 seg.)
- **ano lunar:** o tempo que tarda a lúa en dar unha volta á terra (354 días, 8 h., 48 mm)

Os exipcios adoptaron un calendario solar, os musulmáns lunar e os gregos un calendario "lunisolar": tiñan anos lunares de doce meses, pero cada catro anos (coincidindo coas Olimpíadas) engadían un mes 13º para compasarse co sol.

Os Romanos nun principio adoptaron un modelo semellante ó grego, un calendario lunar de 355 días dividido en 12 meses:



Fasti, calendario no que na antiga Roma se anotaban os días fastos e nefastos

Nome dos meses	nº de días	Dedicado a
Martius	31	deus Marte
Aprilis	29	ás festas <i>Parilia</i> , relacionadas coa vexetación
Maius	31	á deusa Maia
Iunius	29	á deusa Xuno
Quintilis	31	o 5º mes
Sextilis	29	o 6º mes
September	29	o 7º mes
October	31	o 8º mes
November	29	o 9º mes
December	29	o 10º mes
Ianuarius	29	ó deus Xano, o das dúas caras
Februarius	28	ás Februa, festas de purificación

Cada dous anos engadían un *mensis intercalaris* para ir ben co sol.


No ano 153 a. C. a toma de posesións de maxistrados, que habitualmente facíase a primeiros de ano, no mes de marzo, tivo que ser adiantada tres meses por para sofocar as guerras celtíberas, na Hispania Occidental. Dende entón o ano comezou o 1º de Ianuarius (xaneiro).

A reforma xuliana

No ano 47 a. C., cando Xulio César¹ desempeñou o cargo de *Pontifex Maximus*², atopou o calendario moi desfasado por negligencia e corrupción dos seus predecesores, que se "esqueceran" de engadir o *mensis intercalaris*. Había un erro de dous meses de adianto (!!). César, coa axuda dun matemático exipcio, alongou o ano 46 a. C. a 444 días para corrixir o erro.

César decide regular o calendario polo sol, cun ano de 365 días máis 1 día cada 4 anos, engadido entre o 24 e 25 de febreiro (*dies bis sextus ante Kalendas Martias* > "bisesto").

Unha vez morto César e establecido o Imperio baixo o mandato do seu sobriño Octavio Augusto, decídese cambiar o nome do mes *Quintilis* polo de *Iulius*, e o de *Sextilis* polo de *Augustus*; en honor a ambos.



A reforma gregoriana

No calendario xuliano había un erro ao redondear en 6 horas o excedente dos 365 días: 5 h., 48 mm, 46 seg. Este erro producira un atraso de 11 días, e este desfase ocasionaba problemas para a celebración da pascua cristiá. Gregorio XIII aproba mediante bula unha reforma e no ano 1582 saltase do 4 ó 15 de outubro, e fíxose un cálculo mediante unha ecuación solar polo que cada 133 anos debía suprimirse un día para evitar erros.


AS ERAS

No mundo clásico os anos contábanse:

- **Gregos:** contábase o tempo por Olimpíadas. A primeira Olimpíada foi no ano 776 a. C e celebrábanse cada catro anos (ex: 2º ano da 15ª Olimpíada)

- **Romanos:** Databan *ab Urbe Condita*, dende a fundación da cidade (750 a.C.). O acostumado era citar o ano polas persoas que naquel momento estaban no poder: *Cicerone et Antonio consulibus, Anno quintodecimo imperii Tiberii Caesaris*.

Hoxe en día :



Fasti consulari, calendario no que se contaban os anos na República Romana seguindo os nomes dos cónsules.
Imaxe de © José Luiz Bernardes Ribeiro

¹Xulio Cesar, como calquera romano que quixera facer carreira política, debía facer un *cursus honorum*; ou sexa, ir ocupando tódolos postos dende o máis baixo: cuestor, edil, pretor e cónsul. O cargo de *pontifex maximus* non era imprescindible no *cursus honorum*.

² O *Pontifex Maximus* ocupábase dos asuntos relixiosos: rituais, festividades e calendario.

- Era cristiá: computa os anos a partir do nacemento de Cristo (En latín utilizábase as abreviaturas A.D. "Anno Domini")
- **Era musulmá ou Hóxira**: contan a partires da fuxida de Mahoma da Meca a Medina (622 d. C.). Os musulmáns e os xudeus teñen anos lunares.

Cómputo dos días do mes

No mes romano había tres datas fixas:

Kalendae: (<kalare "chamar") era o primeiro do mes, no que había unha xuntanza relixiosa.

Nonae: (< nonus "noven") eran oito días antes dos *Idus* , o 5 ou 7 do mes.

Idus: (< iduare "partir" en dous) dividían o mes. Eran o 13 ou 15 de cada mes. Adornaban o lar e invocaban a *Iuppiter Lucetius* .

Mes	nº de días	Kalendae, -arum	Nonae, -arum	Idus, -uum
Ianuarius, -ii	31	1	5	13
Februarius, -ii	28	1	5	13
Martius, ii	31	1	7	15
Aprilis, -is	30	1	5	13
Maius, -ii	31	1	7	15
Iunius, -ii	30	1	5	13
Iulius, -ii	31	1	7	15
Augustus, -i	31	1	5	13
September, -bri	30	1	5	13
October, -bri	31	1	7	15
November, -bri	30	1	5	13
December, -bri	31	1	5	13

Para indicar a data do mes, facíase do seguinte xeito:


- Si o día era unha as tres datas fixas, Ex: 15 de marzo= *Idibus Martii*, 5 de xuño= *Nonis Iunii*

- Si era o día anterior a estas datas, utilízase o adverbio *pridie*, Ex: 31 de decembro= *pridie Kalendas Ianuarii*

- Para o resto dos días cóntanse o que falta para a data fixa máis próxima, incluíndo o día de partida máis o de chegada: Ex: 8 de xaneiro= *ante diem VI Idus Ianuarii*

División do día

O día dos romanos constaba de 24 h. e comezaba á media noite. A hora era a doceava parte do tempo que transcorría entre a saída e a posta do sol, polo que duraba menos en inverno (45 mm.) e máis no verán (75 mm.).



Non tiñan unha noción exacta do tempo, polo que utilizaban expresións como: “mane” mañá, “meridies” mediodía, “ante meridiem” antes do mediodía (a.m.), “post meridiem” (p.m.). O mediodía e a media noite coincidían coa hora sexta do día ou da noite.

Os soldados dividían a noite en 4 partes de 3 horas ás que chamaban “*vigiliae*”.

A semana

Os romanos tiñan un descanso cada oito días (*nundinae* < *novem dies*).

A semana (*setimana* < *septem Manes*) é de orixe incerta, tal vez oriental. Reflexa un calendario lunar porque cadra cunha fase da Lúa.

Cando se introduciu en Roma, parece que a empezaban o martes (antigamente iniciaban o ano polo mes de Marte). No ano 321 o emperador Constantino decretou que o Solis dies fose un día de descanso para todos os maxistrados. Cando no ano 380 o emperador Teodosio abole os cultos pagáns, o Solis dies pasa a ser o Dominicus dies, que dará orixe a noso domingo.

Turcos e mahometanos comezan a semana o venres (día no que Mahoma recibiu o Corán), os cristiáns no domingo e hoxe nós no luns.

NOMES DOS DÍAS DA SEMANA						
romano cristián	galego e portugués	castelán	catalán	francés	italiano	inglés
solis dies Dies dominicus Dies dominica	Domingo	Domingo	Diumenge	Dimanche	Domenica	Sunday
Lunae dies Feria II	Luns 2ª feira	Lunes	Dilluns	Lundi	Lunedì	Monday
Martis dies Feria III	Martes 3ª feira	Martes	Dimarts	Mardi	Martedì	Tuesday
Mercurii dies Feria IV	Mércores 4ª feira	Miércoles	Dimecres	Mercredi	Mercoledì	Wednesday (Woden ou Odin)
Iovis dies Feria V	Xoves 5ª feira	Jueves	Dijous	Jeudi	Giovedì	Thursday
Veneris dies Feria VI	Venres 6ª feira	Viernes	Divendres	Vendredi	Venerdì	Friday
Saturni dies Sabbatum	Sábado	Sábado	Dissabte	Samedi	Sabato	Saturday

Pervivencia do ano lunar no calendario

En Galicia a lúa tense en conta tanto no campo coma no mar: o porco mátase na lúa nova, para que a carne se conserve mellor no salgadoiro. No crecente non se poñen as patacas nin se podan as parras porque botarían moita rama e folla, pero pouco

froito. Na lúa nova de febreiro cae o **Entroido** e no mingunte de marzo trasfégase o viño.

Algunhas festividades relixiosas están determinadas pola lúa, como a celebración da Semana Santa. O **domingo de Pascua** é o que sigue ó primeiro plenilunio despois do equinoccio da primavera (21 de marzo). Os corenta días anteriores ao domingo de Ramos, co que se iniciaba a Semana Santa, recibían o nome de Coresma (< *cuadragesima*, lat.) porque eran unha preparación para a Pascua, un tempo de abstinencia e xaxún. Os tres días anteriores á Coresma son o Carnaval (< *carnevale* (it.) < *carne* *levare*, lat. “quitar a carne”), festas populares nos que o pobo se divertía e se despedía da carne. O outro nome do



Batalla entre o Carnaval e a Coresma, Bruegel o Vello, Museo da Historia da Arte, Viena

Carnaval, Entroido, procede do latín *introitus* “entrada”, referíndose á entrada da coresma.

Orixe do Nadal

As actuais festas de Nadal teñen a súa orixe en dúas festas romanas:

- As **Saturnalia** eran unhas festas en honor a Saturno que se celebraban na antiga Roma do 17 ao 23 de decembro. Iniciábanse co berro de “*Io, Saturnalia*”, conmemorando a consagración do templo Saturno no Foro Romano. Celebráronse por primeira vez no 217 a. C. para animar ao pobo romano tras unha derrota contra os cartaxineses, dirixidos por Aníbal, no lago Trasimeno.



Ao igual que as Cronia gregas, eran festas relacionadas co ciclo final da colleita, nelas predominaba un espírito de xenerosidade e incitábase á diversión. As casas adornábanse con plantas e velas e amos e escravos compartían mesa, incluso ás veces intercambiaban os papeis, facendo os escravos de amos e os amos de escravos, algo que podería recordarnos ao Entroido. Nos banquetes tamén se intercambiábanse agasallos.

- “**Sol Invicto**” era unha festa establecida polo emperador Aureliano no ano 274 da nosa era, dous días despois das Saturnalia. O Sol era unha nova divindade introducida tardiamente no panteón romano. Foi introducida nesta data porque coincidía co solsticio de inverno, “sol invicto” significaba algo así como “sol invencible”, porque o sol vencía as tebras e a partir desa data os días comezaban a medrar. Esta data coincidía tamén co nacemento de Mitra, un deus de orixe persa que se identificaba co sol e que foi moi venerado no Imperio Romano.

A mediados do s. IV o papa Xulio I, ao verse obrigado a competir con estas dúas festas, decidiu fixar como data da natividade de Xesús o 25 de decembro, cristianizando esta festa de orixe pagá.